Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O paxaro que anuncia o tesouro

Cóntase que unha vez, un de Silán (concello de Alfoz), indo para Mondoñedo (Lugo) parou a comer cabo dun penedo (□?) e viu que se arereconchegaba na pena un paxaro, e que se metía dentro dela sen haber ningún burato. Ónde se metera o paxaro ergueu unha lousiña e debaixo atopou un tesouro de moitos miles de prata e ouro. Fíxose rico e aínda doou toda a prata para facer as cruces parroquias das igrexas do Valadouro.

BIBLIOGRAFÍA

GONZÁLEZ REBOREDO, J. M. *Lendas galegas de tradición oral*, Galaxia, Vigo, 1983.